



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

1º semestre 2021

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

1º semestre 2021

| | A Coruña | Ferrol | Santiago | Lugo | Ourense | Pontevedra | Vigo |
|---------------------------|----------------|---------------|----------------|---------------|---------------|---------------|----------------|
| Viaxeiros aloxados | 82.012 | 10.473 | 80.348 | 31.318 | 33.075 | 18.634 | 79.959 |
| Noites | 193.493 | 44.944 | 164.997 | 52.334 | 51.905 | 37.928 | 180.098 |
| Var. Int. Viax. 21/19 | -60,1% | -54,4% | -76,2% | -54,2% | -51,1% | -64,5% | -56,6% |
| Var. Int. Noites 21/19 | -53,6% | 3,6% | -73,6% | -61,1% | -52,0% | -66,4% | -55,5% |
| Estadía Media | 2,36 | 4,29 | 2,05 | 1,67 | 1,57 | 2,04 | 2,25 |
| Var. Int. EM 21/19 | 16,5% | 127,0% | 10,6% | -14,9% | -1,7% | -5,3% | 2,5% |
| % Ocupación | 27,79% | 37,25% | 17,76% | 22,42% | 23,20% | 18,32% | 26,29% |
| Var. Int. Ocupac. 21/19 | -17,44 | 7,69 | -29,79 | -23,37 | -23,35 | -29,04 | -21,56 |
| Prazas | 3.826 | 665 | 5.062 | 1.286 | 1.233 | 1.140 | 3.777 |
| Var. Int. Prazas 21/19 | -24,3% | -17,6% | -29,5% | -20,3% | -2,9% | -12,7% | -18,5% |


Notas

- No primeiro semestre deste ano 2021 os destinos urbanos de Galicia acumulan certo nivel de demanda froito da recuperación iniciada a partir da finalización do estado de alarma e do período de desescalada posterior á terceira onda da pandemia dos primeiros meses do ano. Desta maneira os datos esconden dinámicas moi dispares –de crise inicial e recuperación posterior- que en todo caso manteñen as posicións relativas de anos anteriores.
- A comparativa interanual, co pasado ano 2020, resulta incompleta pois comparamos seis meses de datos de 2021 con só tres meses de 2020 –carecemos de cifras de demanda e ocupación a nivel dos destinos urbanos no segundo trimestre do pasado ano -. En calquera caso, tal como se verá posteriormente, as dinámicas son diferentes en función do destino considerado. Neste sentido optamos pola comparación coas cifras de 2019, previo á pandemia, para observar niveis de recuperación e grao de resiliencia dos destinos.


- Nestes primeiros seis meses do ano A Coruña e Vigo posiciónanse como os principais destinos urbanos de Galicia, absorbindo o 26,7% do total urbano a primeira –con máis de 193 mil noites- e o 24,8% a segunda –con 180 mil noites neste caso-. Ambas agrupan a máis da metade das noites hoteleiras das cidades de Galicia. Sitúase a continuación Santiago, con preto de 165 mil noites –destino que tradicionalmente absorbía a maior parte da demanda da comunidade-. Así acontece, por exemplo, cos datos do mes de xuño.
- No lado contrario, con preto de 38 mil noites –o 5,2% do total dos destinos urbanos- sitúase a cidade de Pontevedra.
- En termos dinámicos obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo no sentido de que todos os destinos superan os niveis do pasado ano –circunstancia nada representativa pola ausencia de datos no segundo trimestre de 2020 debido á pandemia- e ao mesmo tempo todos fican por debaixo das cifras de 2019. A excepción vén da man da cidade de Ferrol que presenta o mellor comportamento en termos relativos superando non só as cifras de 2020 senón tamén as de 2019. Volve, por tanto, aos niveis habituais previos á pandemia grazas a unha notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense aínda lonxe.
- Esta dinámica parella dos destinos urbanos esconde en todo caso certas diferenzas en termos de intensidade. Neste sentido, e tomando como referencia os niveis anteriores á crise, os niveis de recuperación varían levemente entre as cidades sendo que todas fican aínda lonxe dos valores de 2019. A Coruña, Ourense e Vigo presentan mellores cifras de recuperación pois achéganse a día de hoxe á metade do volume de demanda previo á pandemia. Lugo e Pontevedra sitúanse no contorno do 35-40% dos valores de 2019 mentres que Santiago rexistra o peor comportamento en termos relativos – absorbe no primeiro semestre deste ano o 26% da demanda que tiña no mesmo período antes da pandemia-.
- A mellora dos datos respecto do pasado ano amosa tamén diferenzas de intensidade, sufrindo de inicio todas as cidades as mesmas circunstancias. O incrementos son máis notorios en Ferrol –dobra os valores de 2020 grazas ao incremento da estadía media-, e en Vigo e Pontevedra –que superan entorno ao 50% as cifras do pasado ano-. No lado contrario é Santiago o destino que presenta ata o de agora unha inercia máis lenta, cun leve incremento do 4% sobre as cifras do primeiro semestre de 2020.
- O turismo nacional –no que predomina esencialmente aquel de ámbito interno- é maioritario en todas as cidades, en porcentaxes que van do 74% en Ferrol ao 94% en Lugo. Neste ano 2021, cando menos nos primeiros seis meses, o turismo internacional apenas ten presenza na nosa comunidade e, en consecuencia, nos destinos urbanos. Lugo é neste sentido a cidade con menor peso deste segmento.
- En termos dinámicos apréciase mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional en todas as cidades de Galicia, sendo que ambos presentan variacións dispares. Tomando como referencia os niveis previos á crise o mercado nacional recupera entorno á metade das noites de 2019 –con mellor comportamento en A Coruña e Ourense- mentres que o internacional apenas chega ao 20% -porcentaxe que baixa ao 10% no caso de Santiago-. Neste contexto marca diferenza a cidade de Ferrol, en ambos mercados, presentando resultados positivos o segmento nacional –supera nun 6,5% o volume de noites de 2019- e levemente negativos o internacional –cun descenso leve do 4%-.

- A estadía media varía nas diferentes cidades da comunidade marcando o valor máis elevado Ferrol con 4,3 noites. Dous destinos sitúanse por encima das dúas noites –A Coruña e Vigo-, outros dous sitúanse neste contorno das dúas noites –Santiago e Pontevedra- mentres que os dous restantes fican por debaixo das dúas noites –Lugo e Ourense, destino este último que marca a cifra máis baixa con apenas 1,6 noites-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos apréciase ben no lado da oferta de aloxamento. Neste sentido todas as cidades –agás Ourense- rexistran niveis de oferta inferiores aos do pasado ano, isto é, o volume de prazas dispoñible fica por debaixo dos valores medios do mesmo período de 2020. Ferrol é a cidade que presenta menor nivel de recuperación polo lado da oferta rexistrando neste ano pouco máis do 70% das prazas de 2020. En A Coruña e Santiago ofértase de media algo máis do 80%, en Lugo e Vigo o 90%, en Pontevedra case o 95% mentres que Ourense marca a excepción pois supera nun 2% o nivel dos primeiros seis meses de 2020.
- A comparación co período previo á crise amosa igualmente un nivel de oferta inferior. É dicir, os destinos urbanos de Galicia fican aínda algo lonxe da situación anterior á pandemia se ben apréciase diferenzas de comportamento. Neste sentido a cidade que mellor está a recuperar a “normalidade” neste ámbito é Ourense –oferta agora practicamente o 97% das prazas que tiña en 2019-. A recuperación é practicamente total na cidade das Burgas. Fican máis lonxe dos niveis previos á crise Santiago e A Coruña –pois ofertan agora entorno ao 70-75% das prazas de 2019-.
- A pesar de que os niveis de demanda do primeiro semestre xa superan os de 2020 –por ter seis meses de conteo agora en 2021 fronte a tres do pasado ano- os niveis de ocupación seguen por debaixo das cifras da pandemia. Todos os destinos manteñen porcentaxes inferiores ás de 2020 agás Ferrol que consegue, por un mellor comportamento da demanda, superar a cifra en algo máis de once puntos porcentuais.
- Os niveis de ocupación descenden en preto de cinco puntos en Pontevedra, en case sete puntos en Vigo, entorno a dez puntos en A Coruña e Santiago e en máis de dez puntos nas restantes cidades de Lugo e Ourense –esta última presenta o peor comportamento en termos relativos cunha perda superior aos 15 puntos porcentuais-.
- Obviamente en todas as cidades os niveis de ocupación fican aínda lonxe das cifras que se rexistraban antes da pandemia, en 2019, salvo no caso de Ferrol –que supera en case oito puntos a porcentaxe dese ano-.
- As tarifas hoteleiras superan os 50 euros de media en catro cidades –A Coruña, Santiago, Ourense e Vigo- mentres que fican próximas aos 40 euros en Lugo –o INE non ofrece datos para Ferrol e Pontevedra-.
- O menor nivel de demanda leva a caídas importantes da rendibilidade hoteleira nas cidades de Galicia. Os niveis finais son baixos pero en todo caso máis elevados en A Coruña e Vigo –sitúanse no contorno dos 18 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- que nas restantes cidades –o RevPAR hoteleiro sitúase en 16 euros en Ourense, e cae a 13 euros en Lugo e a 11 euros en Santiago, destino que rexistra o peor dato nestes primeiros seis meses do ano-.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, 1º semestre 2021




Variación da demanda turística nas cidades. Noites 1º semestre 2021/19




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. 1º semestre 2021




Nivel de ocupación e variación interanual. 1º semestre 2021




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, 1º semestre 2021



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, 1º semestre 2021/19



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. 1º semestre 2021



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. 1º semestre 2021

